



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS "O PEIRAO"

Santiago de Compostela,

31 XULL. 2018



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago, 01/08/2018

REUNIDOS

Asdo.: Isabel Fernández González

Dunha parte, Dona Susana Rodríguez Carballo, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 8 de setembro de 2017 da delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, nas direccións xerais e xefaturas territoriais e na Presidencia do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (DOG nº 180).

E doutra parte, a entidade Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", NIF: G 15969868 representada por Verónica Veres Tasende (DNI 79330819R), presidenta da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", en virtude dos artigos 22 e 23 dos seus estatutos inscritos no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as partes reconécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

Segundo

Que a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" para o cumprimento dos seus fins sociais goza de plena personalidade xurídica e de autonomía funcional e económica, sen ánimo de lucro e actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a conservación, divulgación do traballo artesanal das redeiras, a loita contra o intrusismo profesional, o fomento da prevención de riscos laborais, co fin de evitar e diminuír os riscos laborais derivado do traballo, a promoción da igualdade entre homes e mulleres así como a promoción da participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social das asociacións profesionais de redeiras que a integran.

Terceiro

Que a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" está inscrita no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de rexistro 00/008/2012/C en data 13.08.2012.



Cuarto

Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018) figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital 14.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiamento de investimentos da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao".

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago, 01/03/2018...

[Signature]
Asdo.: Isabel Fernández González

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" (en adiante beneficiaria) co fin de financiar os investimentos realizados por esta institución sen ánimo de lucro para levar a cabo unha campaña de difusión a través das redes sociais e mediante vídeos explicativos, co fin de informar e concienciar da importancia da actividade da redeira como parte fundamental das actividades do mar, así como reforzar os coñecementos na reparación e mantemento de aparellos de cara a renovar as técnicas aprendidas nos cursos de formación de capacitación para a obtención da cualificación profesional.

Os obxectivos son: renovar os coñecementos adquiridos nos cursos de formación de maneira que poidan lembrar técnicas de nós xa aprendidos; promover a actividade de redeira para fomentar o relevo xeracional; promover una formación permanente e continúa no sector das redeiras; reforzar os coñecementos na reparación e mantemento de aparellos; achegar o mundo das redeiras, un oficio artesanal ao mundo das novas tecnoloxías; fomentar o asociacionismo entre mulleres como un modelo de empoderamento; visibilizar o traballo da muller no ámbito do mar; e, finalmente, fomentar a inclusión social de colectivos de mulleres paradas de longa duración.

SEGUNDA. Finalidade da subvención

A Federación de Redeiras Artesás "O Peirao" vai desenvolver un proxecto consistente na elaboración de catro vídeos cunha duración aproximada de catro minutos cada un para subir as redes sociais, cos seguintes contidos: Artes de arrastre, artes de cerco, artes de palangre e artes menores.

Para levar a cabo actividade realizaranse as seguintes accións:

- 1) Pre produción, produción e postprodución dos vídeos por empresa cualificada.
- 2) Difusión nas confrarías e lugares onde se poidan informar os interesados desta nova acción formativa promovida pola Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao.
- 3) Cartas informativas as Asociación integrantes da Federación para promover a actividade.
- 4) Divulgación da actividade a través da páxina web oficial da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" e das redes sociais da entidade.
- 5) Creación dunha canle específica en Youtube para subir estes vídeos.
- 6) Seguimento final do número de descargas efectuadas e valoración por parte das asociación de redeiras integrantes da Federación da actividade.

A entidade utilizará a lingua galega na realización das actividades.

As accións enunciadas materializaranse nos seguintes traballos:



- Elaboración da escaleta para catro tutoriais
- Grabacións coas redeiras participantes
- Produción de catro tutoriais
- Locución de vídeos
- Desprazamento de equipo
- Campaña de comunicación medios online e offline



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.
Santiago, 01/03/2018

Asdo.: Isabel Fernández González

TERCEIRA. Importe e contía da subvención. Gastos subvencionables

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de tres mil euros (3.000 €) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 14.03.722A.781.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018. Os gastos imputables son aqueles realizados pola beneficiaria para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio descritos na cláusula segunda, co límite máximo de **3.000 €**.

CUARTA. Concorrencia de subvencións

O importe da subvención percibida para este investimento non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo da inversión aquí proposta. Ao efecto de poder comprobar tal extremo nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

QUINTA. Obrigas do beneficiaria

A beneficiaria, comprométese a:

1. Dedicar integramente o importe desta axuda á adquisición dos bens e outras accións descritas na cláusula segunda.
2. A poñer en coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando canta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.
3. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ademáis son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

A beneficiaria da axuda consente expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvención de Galicia.

A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiros
15701 Santiago de Compostela
Telf.: 981 546177
Fax: 981 546138



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide co orixinal.

Santiago, 08/10/2018

Asdo.: Ismael Fernández González

SEXTA. Publicidade da subvención

1. A beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante Decreto 11/2009) deberá de dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.
2. A beneficiaria deberá incluír nos documentos impresos o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial, sen prexuízo de que a beneficiaria incorpore o seu propio escudo ou logotipo.
3. Sen prexuízo do previsto no artigo 20 do Decreto 11/2009, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do dereito ao cobramento da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.d) da dita norma, e seguirase o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

SÉTIMA. Forma de pagamento e xustificación da subvención

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62 e 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e, en todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, **antes do 16 de novembro de 2018:**

Memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á partida orzamentaria **14.03.722A.781.0**, que incluírá:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo secretaria da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", co visto e prace da súa presidenta.

Tanto a presentación das facturas, como os xustificantes do seu pagamento, deberán achegarse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. A súa relación ordenada é requisito imprescindible para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado indicando que teñen relación co obxecto do convenio.

c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total percibido.

De acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Telf.: 981 546177
Fax: 981 546138



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Asdo.: Isabel Fernández González

- Pagamentos consonte ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.

- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% é o **16 de novembro de 2018**.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no seu artigo 29.2, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

OITAVA. Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

NOVENA. Normativa de referencia

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

DÉCIMA. Comisión de seguimento

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo/a subdirector/a xeral de xestión, ensino e relacións sectoriais, e pola presidenta e a secretaria da beneficiaria.


UNDÉCIMA. Resolución de controversias

En caso de controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

No caso de que subsista o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contenciosa Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DUODÉCIMA. Transparencia e bo Goberno na Administración Pública Galega

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio, e no restos das especificacións contidas no mesmo, poidan ser



publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, atoparanse obrigadas a subministrarlle a Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e no 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMA TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral


A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas prestacións que se deriven deste convenio.

DÉCIMO CUARTA- Vixencia e efectos

A duración do presente convenio alcanza ata o dezaseis de decembro de dous mil dezaioito sen posibilidade de prórroga.


Pola Consellería do Mar

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro


A CONSELLEIRA
P.D. Orde 08.09.17 (D.O.G. 21.09.17)
A DIRECTORA XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Susana Rodríguez Carballo

Pola Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao"

A presidenta


Verónica Vares Tasende



A persoa que asina fai constar que
a presente fotocopia coincide
fielmente co orixinal.
Santiago, ... 01.10.2018

Asdo.: Isabel Fernández González